

AUTOAVALIACIÓN T4 DE NATURAIS

CORRECCIONES

1. **Especifica cales son os refugallos dos seguintes aparatos.**
 - **Excretor:** **ouriños e suor.**
 - **Dixectivo:** **feces**
 - **Respiratorio:** **dióxido de carbono**
2. **Debuxa o aparato dixectivo, sinala as súas partes e explica o proceso dixectivo.**

(DEBUXO LIBRE)

exemplo de explicación: o alimento entra na boca, tritúrase e mestúrase coa saliva facendo o **bolo alimentario** que pasa pola **farinx**, **esófago** e entra no **estómago**, mestúrase cos **zumes gástricos** transformándose en **quimo**. o quimo, no **intestino delgado**, mestúrase coa **bilis** e os **mollos pancreáticos e intestinais** e transfórmase en **quilo**, o cal contén os nutrientes, que pasan á sangue grazas aos **peluxes** intestinais. por último, o **intestino grosso** transforma en **feces** as substancias de refugallo que son expulsadas ao exterior a través do **ano**.

O QUE ESTÁ EN NEGRITA SON PALABRAS CLAVE QUE DEBERÍAN DE APARECER SÍ OU SÍ NA EXPLICACIÓN.

3. **Cal é a diferenza entre bolo alimentario e quimo.**

BOLO ALIMENTARIO: alimentos triturados + saliva
QUIMO: bolo alimentario + zumes gástricos

4. **Para que serve a epiglote**

Válvula que hai na entrada da larinxe que se abre ou pecha para impedir que afoquemos mentres bebemos ou comemos. Impide que pase ás fosas respiratorias alimentos e bebidas.

5. **Explica o proceso de respiración.**

Na respiración prodúcense os **movementos respiratorios** (inspiración e expiración) e o **intercambio de gases**.

Na **inspiración** o aire, cargado de **osíxeno**, entra polas fosas nasais e enche os pulmóns, o diafragma contráese. Os **alvéolos** absorben o osíxeno, pásano ao sangue e é distribuído por todas as células. Á súa vez, as células liberan **dióxido de carbono** que é expulsado ao exterior mediante a **expiración**, neste proceso o diafragma reláxase e o aire sobe pola tráquea e sae ao exterior polas fosas nasais.

6. Por que é mellor facer o proceso de respiración pola boca e non pola nariz?

Porque nas fosas nasais hai uns peliños que se encargan de humedecer o aire, quentealo e limpallo.

7. Debuxa o corazón. Pon nomes ás súas partes.

DEBUXO LIBRE

8. Cales son as células sanguíneas? Cal é a función de cada una delas?

GLÓBULOS BRANCOS: defenden ao organismo de calquer corpo extraño, bacterias...

GLÓBULOS VERMELLOS: son os que transportan o osíxeno e dióxido de carbono.

PLAQUETAS: forman coágulos para taponar rotura dos vasos sanguíneos.

9. Que 2 circulacións hai? Descríbeas explicando as súas diferenzas.

A circulación menor prodúcese entre o corazón e os pulmóns e a maior dende o corazón a todos os órganos.

10. Debuxa o aparato urinario, sinala as súas partes e di, brevemente, a súa función.

DEBUXO LIBRE

RILES: filtran o sangue para extraer del os refugallos, que son os ouriños.

URÉTERES: condutos que transportan os ouriños dende os riles ata a vexiga.

VEXIGA: órgano onde se acumulan os ouriños antes de ser expulsados ao exterior.

URETRA: conduto mediante o cal expulsamos os ouriños ao exterior.

11. Por que é preciso filtrar o sangue?

Para que os refugallos saian ao exterior.

12. Que debemos facer se un compañeiro se marea?

Tombalo e levantarlle as pernas, afrouxarlle a roupa e aplicarlle panos fríos.